

O aceite de palma

A graxa do imperio

Max Haiven

Tradución de Patricia Buxán

O aceite de palma

A graxa do imperio



CONSUMO
RESPONSABLE



DEREITOS
HUMANOS



ECOLOXÍA

O aceite de palma

A graxa do imperio

Max Haiven

Tradución de Patricia Buxán

Palm Oil: The Grease of Empire

© Max Haiven, 2022

First published by Pluto Press, London. (www.plutobooks.com)

© da edición galega: Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega, 2023

Tradución: Patricia Buxán Outeiro

Revisión lingüística: María Mediero Mayán e Miguel Braña Montaña

Deseño e maquetación: Alicia Rodríguez Malga e Isidro Dozo Valladares

Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega

Rúa Ferrería, 25 – 36202 Vigo (Pontevedra)

www.catroventos.gal

ISBN: 978-84-124635-8-3

Depósito legal: VG 430-2023

Impreso en Jadfel Artes Gráficas



**XUNTA
DE GALICIA**

Esta obra recibiu unha subvención da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Fieis ao principio de sustentabilidade ambiental que, entre outros, rexe as actividades de Catro Ventos, traballamos para que a pegada ecolóxica dos nosos libros sexa a mínima posible. Por iso, nese avance cara á ecoedición, baseado na investigación de procesos e na cooperación coas nosas provedoras, este libro que tes nas mans é moi especial, como che explicamos a seguir.

— O papel ten certificación FSC e está libre de ácidos, metais pesados e cloro (este último é un elemento químico altamente tóxico que adoita empregarse para o branquexamento da pasta de papel).

— Non hai metais pesados (o máis común nas tintas convencionais é o cobalto) nin aceites minerais nas tintas empregadas na impresión. Estas son de base vexetal, polo que están libres de compostos orgánicos volátiles.

— A cuberta non está laminada, é dicir, non leva recubrimento plástico ningún.

— Conseguimos reducir ao máximo as emisións contaminantes ligadas ao transporte imprimindo a só 3 km da nosa sede.

Se queres máis información sobre como traballamos para reducir o noso impacto na contorna, visita a nosa web: catroventos.gal/ecoedicion

FSC

SEN
ácidos

SEN
cloro

SEN
metais
pesados

SEN
aceites
minerais

SEN
plásticos

AQUELADO
en Galicia

9	Aceite
25	Castigo
41	Fetiché
59	Arma
69	Graxa
93	Excedente
109	Sacrificio
119	Relato
129	Agradecimentos
133	Notas

Aceite

Encontrámonos nun sistema de capitalismo racial que se presenta como un vasto sistema de sacrificio humano mistificado, oculto a simple vista, e que se estende por todo o planeta. As historias do aceite de palma que che quero contar seguen os contornos deste sistema e procuran respostas no seu pasado. Estas historias son o relato de como algo que mormente é invisible xurdiu do nexo entre capitalismo, colonialismo e imperio até chegar a definir as crueldades do noso mundo. Agochado no seu interior está tamén o relato do noso poder como colectivo para transformar o mundo a mellor. A historia do aceite de palma é a nosa historia. Esta substancia, omnipresente e case máxica, forma parte de como os nosos corpos se reproducen e de como se reproduce o noso mundo material. É un elemento clave na espiral de traballo, materias primas, construción de significados e relacións sociais que conforman o mundo en que ti e eu vivimos. O aceite de palma únenos, revelando así os intersticios, a sintaxe do mundo.

Practicamente todos os elementos que interveñen no proceso polo que agora ti estás a ler estas palabras foron tocados ou facilitados polo aceite de palma:¹ puido tratarse dun dos aditivos do papel, un estabilizador da tinta ou parte da resina empregada na encadernación do libro; podes dar por certo que estará dentro ou que foi esencial na fabricación dun dos centos de compoñentes do dispositivo en que estou a escribir estas palabras, e do dispositivo en que ti ao mellor estás a lelas. É probable que algún dos vehículos que transportou estes artefactos até ti consumise hidrocarburos que contiñan biocombustibles derivados del, e tamén debemos dar por sentado que o corpo e o cerebro de quen escribe e de quen le estas palabras foi reproducido, en parte, grazas á metabolización do aceite de palma. Ti e mais eu empregamos nalgún momento para a limpeza ou coidado da pel produtos

que contiñan aceite de palma. Inxerímolo ademais nos excipientes das menciñas. Ben que sospeito que nin ti nin eu investimos de forma intencionada na súa industria, estamos, porén, economicamente involucrados nela: os cartos que percibimos polo noso traballo nutren un mesmo océano. Malia proceder dun recurso natural, o aceite de palma refinado na forma en que existe hoxe en día é creación nosa e este, por súa vez, participou na nosa creación.

Na súa historia, podemos entrever o mundo que queda feito e sen facer. Ler un mundo de aceite de palma coma se fose a nosa historia é recoñecer que nos conecta e que nos divide. Agardo que, ao prestarmos atención ao aceite de palma, exercitemos o noso músculo narrativo compartido (tanto tempo atrofiado neste mundo de individualismo competitivo) para que xurda algunha especie de «nós» que consiga coñecerse mellor a si mesmo e traballar conxuntamente para cambiar o noso destino. Se chegamos a facer todo este mundo a partir do aceite de palma, que outra cousa deixamos de facer no pasado? E que outra cousa podemos facer no futuro?

Nos meus traballos anteriores, centreime en tentar captar que non entendemos do capitalismo. Entendemos que se trata dun sistema global que xestiona e organiza as enerxías dos seres humanos e non-humanos para a produción de bens co fin de obter beneficios. Entendemos que deu pé ao nacemento da estrutura empresarial, esa arrepiante entidade metahumana que magnifica as nosas peores calidades (avaricia, indiferenza, cobiza). Entendemos que o capitalismo xurdiu ligado ao colonialismo e o racismo, e que nunca sobreviviu sen eles. Noutros escritos, tentei entender como hoxe en día, nunha economía capitalista global dominada pola débeda e o crédito, todos sentimos a obriga ou a sedución de transformarnos en persoas competitivas que asumen riscos, financeiras en miniatura que tiran proveito de todos os aspectos da vida para transformalos en activos e tácticas con que asegurar os nosos futuros individualizados.² Tamén tentei comprender como, cando estes actos individuais de xestión do risco se

manifestan no nivel dun sistema, este produce un padrón conforme ao que o capitalismo parece estarse a vingar das persoas e da terra sen necesidade, sen dereito e dunha forma terriblemente autodestrutiva.³

Neste libríño tento entender algo que é moi obvio, mais que á vez, en certo modo, non se ve: este sistema semella ser unha enorme e desafiada organización de sacrificio humano. A diferenza das imaxes sensacionalistas dese sanguinario costume que é o sacrificio humano, practicado por boa parte das civilizacións humanas —ben que en circunstancias moi diferentes—, a orde capitalista do sacrificio humano négase a si mesma. A lóxica implacable do mercado insiste en que todos eses millóns de mortes superfluas por malnutrición, intoxicación, exceso de traballo, migración truncada, caos climático ou guerras neoimperialistas son, en certa medida, accidentais, incidentais ou inevitables. Porén, a miña aposta consiste en que, ao relatar unha historia sobre o aceite de palma, seremos quen de recoñecer que vivimos no que Ruth Wilson Gilmore denomina «a era do sacrificio humano»⁴ e poderemos ver como xorde dunha historia meirande de capitalismo racial que fai que algunha xente sexa moito máis susceptible de ser refugada ca outra.

Cando falo de aceite de palma refírome ao derivado dunhas especies concretas de palmeiras, sobre todo da *Elaeis guineensis* ou palma aceiteira africana, mais nalgúns casos tamén das súas parentes de América Central: a *Elaeis oleifera* e, algo máis distante, a *Attalea maripa*. Estas plantas son consideradas as máis produtivas e versátiles do mundo. A especie *Elaeis guineensis*, da que se obtén a maior parte do aceite que se consome no mundo, é orixinaria de África occidental, lugar onde se cultivou e valorou durante séculos. Das súas maravillosas vaíñas de cor azafrán (que, cando están listas para a colleita, poden superar os 10 kg de peso), os pobos africanos extraeron durante milenios non só aceite para uso culinario, senón tamén para lámpadas, cosméticos, medicinas, material artístico, sacramentos e tinturas. Co zume faise o viño de palma e unha gran variedade de remedios. Coas

follas cóbrense os tellados e fábrícanse as varas de arcos e lanzas.⁵ Antigamente e no presente, o aceite de palma, fragrante e untuoso, empregouse en cerimoniais e con fins espirituais en África e na súa diáspora. A moita xente, o aceite de palma virxe vermello sábelle á casa, sábelle á familia, á historia.

Ao longo desta investigación, tiveron o pracer de escoitar historias sobre o aceite de palma e a *Elaeis guineensis* relatadas por moitas persoas procedentes de África occidental. Todas sen excepción faláron da grande admiración que senten por esta planta inesgotable, do esencial que ela e os seus dons son para as tradicións antigas, así como para o espírito de innovación e creatividade que viu como os pobos occidentais a transformaban en tantas cousas. As miñas amizades describíron con viveza o aroma do seu froito. É case infinito o número de usos que os pobos do occidente africano lles dan a moitas das súas partes: o exterior carnoso, a casca dura que protexe o gran e a masa oleosa do interior. As súas texturas e pigmentos únicos sazonan e decoran centos de pratos deliciosos. É tan apreciada que a comunidade nixeriana que vive na cidade fría e remota do Canadá onde escribo o groso deste libro se desvela por importar diferentes variedades. O seu particular *terroir* confire un sabor único e sutil. Non foron nin unha nin dúas as veces que me viñeron con fotografías de crianzas metidas até os xeonllos en bañeiras cheas de sementes de palma axudando a extraer o precioso aceite, igual que fixeran os seus devanceiros en momentos de solidariedade familiar e comunitaria. Algúns sinalaban para as palmeiras que se vían no fondo destas fotografías e que, como mastros de bandeiras, sobresaían por riba dos condominios familiares ou das hortas portando o estandarte dunha república á que nunca se lle permitiu existir. No seu hábitat natural, as *Elaeis guineensis* chegan a vivir até 200 anos e dar froito durante 60: teñen unha longa memoria. As miñas amizades dixéronme que «antes» (antes dos misioneiros europeos, do comercio de escravos, do imperialismo, da servidume por débedas poscolonial), o

aceite de palma non só era importante polas súas propiedades nutritivas, senón tamén por ser un referente cultural común e íntimo, un sacramento espiritual e unha mercadoría básica do comercio, mesmo unha forma de diñeiro; ligaba vastas redes comerciais por toda África e mesmo fóra. A graxa era o medio de intercambio cultural e material omnipresente; «lubricaba» a vida social.⁶ No norte do Brasil, as comunidades africanas que se liberaran do escravismo atoparon na variante local da palma aceiteira unha vella amiga que cubría boa parte das necesidades propias dunha vida fuxitiva.⁷

Por suposto, o aceite de palma na forma en que ti e eu o coñecemos é algo completamente distinto: os derivados producidos industrialmente a partir do froito da palmeira poden, coma un deus de múltiples caras, tomar a forma de até 200 ingredientes distintos presentes en produtos de alimentación, industriais e limpeza.⁸ O aceite RBD (refinado, branqueado e desodorizado) converteuse no ingrediente esencial das dietas de millóns de persoas, especialmente de persoas pobres. Esta mercadoría ordinaria, comerciada en todo o mundo, obtense a partir de plantas sometidas a un procesamento industrial intensivo e procedentes sobre todo de Indonesia e Malaisia, aínda que tamén de África occidental e América Latina, cultivadas mormente en terreos arrasados ou deforestados que outrora estiveron ocupados por selvas tropicais —ben que dende entón foron adoptando moitas outras formas—. Os fertilizantes, praguicidas e herbicidas empregados nos monocultivos deste lucrativo produto acabaron, polo xeral, abríndose camiño até as vías fluviais.⁹ A maioría do cadro de persoal das fábricas, así como das plantacións próximas onde a *Elaeis guineensis* xerminada en laboratorio medra en fileiras ben dispostas, a nove metros de distancia, está conformado por persoas que, dun xeito ou doutro, foron desprazadas dos seus lugares de orixe, ás veces durante varias xeracións: quizais foi por unha guerra civil, quizais por campañas de contrainxerencia apoiadas con fins imperialistas, pode que polos impactos ecolóxicos da minaría, se cadra pola expropiación de terras, quizais por

incentivos internacionais ou gubernamentais ao «desenvolvemento» que buscaban relocalizar o persoal traballador a espazos que lles fixesen máis xeito ás empresas que precisaban man de obra barata.¹⁰ En consecuencia, agora, as persoas empregadas na industria do aceite de palma adoitan depender dun traballo precario para poder cubrir as súas necesidades básicas. Mesmo quen sobre o papel posúe a terra que traballa encóntrase na trampa dun sistema explotador.

Calcúlase que, hoxe en día, atopamos aceite de palma, aceite de palmiste ou calquera dos seus derivados en aproximadamente o 50 % dos alimentos de calquera supermercado do mundo, mormente en produtos procesados, como bolaría envasada, cremas de untar, fideos de ramen, produtos lácteos e aperitivos. Tamén inxerimos aceite de palma en cantidades ínfimas a través dunha asombrosa variedade de conservantes, emulxentes, estabilizadores, coagulantes e aditivos.¹¹ A súa composición química única e o seu baixísimo prezo fan del un aditivo ou base ideal para prolongar o tempo de conservación dos alimentos procesados industrialmente e facilitar o seu transporte polas redes do comercio internacional.¹² Ademais de entrar no noso corpo, tamén o cobre: atopámolo na meirande parte dos cosméticos (mesmo nos dalgunhas marcas de alta gama que ás veces presumen de non empregalo). É un ingrediente importante na fabricación de plásticos, tintas, pigmentos, pinturas e mesmo en produtos de papel, incluídas as embalaxes. Está en moitas das pílulas, comprimidos, supositorios e outros produtos sanitarios e de consumo que usamos para transformar os nosos corpos. Tamén está presente en multitude de produtos e procesos industriais e de fabricación, en especial nos tensioactivos que tan esenciais son en lubricantes de maquinaria, procesos de tinguidura, deterxentes e unha chea doutros procesos.¹³ En 2020, consumíronse en todo o mundo 72 toneladas métricas de aceite de palma refinado, algo máis de nove quilos por persoa.¹⁴ O seu cultivo intensivo transformou o planeta: máis de 27 millóns de hectáreas da superficie terrestre están dedicadas ao cultivo da palma, unha superficie meirande ca a

de Nova Zelandia e aproximadamente equivalente a toda a superficie agraria de Francia.¹⁵ A deforestación e, en especial, a destrución das turbeiras para os cultivos liberan grandes cantidades de carbono á atmosfera (aproximadamente o 6 % das emisións anuais), empeorando así as terribles ameazas do cambio climático, repartidas ademais de forma desigual polo planeta.¹⁶

Pero como puidemos chegar a este punto? O noso relato comezará por forza polas orixes do aceite de palma como mercadoría internacional durante a colonización europea de África occidental no século XIX, cando civilizacións enteiras e millóns de vidas foron sacrificadas no altar ante un deus de tres rostros: a acumulación capitalista, o supremacismo branco e a rivalidade entre imperios. Visitaremos o Liverpool do século XIX, onde o aceite de palma lubricaba —literal e figuradamente— as engrenaxes do imperio e fornecía de novos bens (por exemplo, xabón) a xente rica e pobre por igual. Viaxaremos en compañía dunhas tenras plántulas en barcos de vapor propulsados por motores lubricados con palma até o sueste de Asia, ás colonias británicas e holandesas, onde as potencias imperiais tiraron proveito da disgregación social, económica e ambiental que elas mesmas desencadearan para bouzar novas terras que dedicar á plantación de palmeiras e para recrutar man de obra migrante e desposuída, aplicando a miúdo tácticas de servidume por débeda.¹⁷ Hoxe en día, Malaisia e Indonesia, como Estados independentes, son superpotencias indiscutibles no sector do aceite de palma, mais o legado do colonialismo segue a ser fundamental nesta industria. Seguiremos o aceite a medida que se vai filtrando polo tecido do noso mundo, converténdose no unto das persoas máis pobres e na graxa do imperio do capital.

Este relato é unha historia chea de sacrificios humanos: o sacrificio das persoas e dos lugares abaratados por un sistema que se move exclusivamente polo beneficio, un sistema que, dun xeito ou doutro, nos seduce á maioría, como persoas consumidoras, como persoas empresarias, como persoas que simplemente tentan sobrevivir. Ao seguirmoslle

o rastro ao aceite de palma, quero que recoñezamos de que xeito todos estamos estreitamente ligados nun paradigma global que ningún de nós escolleu, pero que beneficia a algúns infinitamente máis ca a outros e que a tantos sacrifica no altar da acumulación. Fundamentalmente, a quen se sacrifica é a quen traballa en condicións de explotación cultivando e procesando esta mercadoría, e mais a quen, pola irresponsable propagación deste cultivo —impulsada polos desexos dun mercado que todo o toca, pero de forma desigual—, foi desposuído do seu venello á terra. No sector do aceite de palma, tan propenso á corrupción, onde caciques locais, grandes grupos de empresas, gobernos de Estados e organismos internacionais bailan ao mesmo son, a explotación laboral é a norma.¹⁸ Millóns de animais morren e especies enteiras vanse extinguindo a medida que se propagan os incendios forestais provocados para a obtención de novos terreos de cultivo. Baixo ceos tinguidos da cor do sangue, o carbono emitido esgaza os pulmóns de persoas traballadoras, habitantes e indíxenas que viven e traballan á sombra da industria da palma e o *smog* cobre os ceos do Sueste Asiático. A un tempo, a deforestación e as emisións de carbono pola queima tamén representan unha das ameazas máis graves para o ecosistema mundial. Tamén se sacrifica a saúde de millóns de persoas de todo o mundo a quen este mesmo conxunto de sistemas empobreceu até tal punto que o aceite de palma e os seus derivados baratos se converteron, con consecuencias devastadoras, na base da súa dieta.

Atopamos neste libro certo relato cronolóxico, mais non é unha historia. É o intento de seguir o trazado de algo que a simple vista non se ve. Ten a súa orixe nunha serie de módulos que preparei para as miñas clases sobre cultura material e capitalismo na Universidade de Artes e Deseño de Nova Escocia (O Canadá). Nelas procuraba facer algo máis ca simplemente concienciar aquel estudantado de Belas Artes sobre os feitos e os datos relativos a esta substancia que encontraban nas pinturas, pigmentos, tintas, resinas, ordenadores, plásticos e outros materiais con que traballaban: tamén quería explorar con el

esa mesta maraña de pasado e presente, aquí e alí, nosoutros e eles. En consecuencia, o relato que aquí presento é impresionista e idiosincrático. Está escrito por alguén que nunca viu unha palma aceiteira, que nunca visitou unha plantación, polo usuario final dunha mercadoría que tenta abrirse camiño até a orixe para, con esa viaxe, comprender mellor o mundo.

Neste libro non atoparás unha análise detallada da industria do aceite de palma. Para iso, anímote a consultar a obra da xornalista Jocelyn C. Zuckerman *Planet Palm: How Palm Oil Ended Up in Everything and Endangered the World*.^{*} Tampouco pretendo brindar unha historia sistemática; xa o fixo con admirable pericia e sofisticación Jonathan E. Robins en *Oil Palm: A Global History*. Tampouco vou elaborar un catálogo dos crimes da industria actual nin do cinismo con que manipula a verdade para agochar eses crimes tras agresivas campañas publicitarias e a súa fútil adhesión voluntaria a diversos plans e regulamentos. Non faltan ONG que traballen polo medio ambiente e os dereitos laborais en todo o mundo, nin medios xornalísticos que teñan publicado informes de investigación de alta calidade e destapado importantes feitos sobre a industria do aceite de palma, pero non me centrarei niso. Tampouco presentarei unha etnografía multiespecie nin unha relación neomaterialista da sutil relación entre a *Homo sapiens sapiens* e a *Elaeis guineensis*.¹⁹

No seu lugar, n' *O aceite de palma: a graxa do imperio*, escriboche inspirado pola artista Simryn Gill e a invitación do antropólogo Michael Taussig a reflexionar sobre a cuestión seguinte: que significa ser humano nun mundo feito de aceite de palma atendendo a que está presente ou forma parte da produción de tantas das cousas que empregamos no día a día? Que significa relatarnos a nosa historia a nós, corpos feitos de aceite de palma, porque nós, sen excepción, o levamos sobre a pel ou metabolizamos a partir do que comemos?²⁰

Este libro é, en parte, unha crítica amable ás persoas que se dedican ao xornalismo, á defensa do medio ambiente e á defensa dos dereitos

humanos, e que nos contan a historia do aceite de palma como a historia das persoas pobres, das ignorantes, das traballadoras cuxos dereitos son vulnerados, das gandeiras, labregas, indíxenas, dos orangutáns e das selvas tropicais «de aló», das rexións onde se produce aceite de palma, persoas que precisan que as consumidoras ilustradas «de aquí», das rexións onde se consome aceite de palma, espertemos dunha vez e mudemos hábitos no noso consumo.²¹ Por moi útiles que estas narrativas poidan ser para recadar fondos, chamar ao boicot e orquestrar campañas políticas, o seu enfoque perpetúa o modelo de beneficencia herdado dos antigos argumentos supremacistas brancos e coloniais. Os equipos xurídicos da tan criticada industria do aceite teñen demostrado que é ben doado apprehender, eludir e subverter este discurso. Na actualidade, a industria e a súa rede clientelar espallada por numerosos gobernos e grandes ONG conseguiron con certo éxito brandir discursos liberais de defensa do medio ambiente e dos dereitos humanos para favoreceren o seu plan de extracción e beneficio.²²

Para min, a cuestión non é tanto que campañas funcionarán para lles poñer freo aos fatais excesos da industria do aceite de palma, ben que o obxectivo é, de certo, importante: millóns de vidas están en xogo e ecosistemas enteiros penden dun fío. A miña ambición, emporiso, é máis tanxencial. Fronte ao «nós» consumista ao que con demasiada frecuencia se lle pide que actúe polo ben das persoas traballadoras, dos orangutáns, das selvas tropicais ou do «clima», pregúntome se é posible outro «nós» que sexa quen de ver que todo isto forma parte da mesma rede de interdependencia. O meu interese radica en conseguir que, contando unha historia máis complexa, ampla e experimental do aceite de palma, sexamos quen de chegar a recoñecernos, individual e colectivamente, con outros ollos. Se a nosa especie, como especie global, está totalmente feita de aceite de palma e se o mundo está feito de aceite de palma, e se queremos chegar a aceptar que poderíamos facer para mellor transformar este mundo que sempre nos está a transformar, quizais precisemos narrativas novas para comprendernos.

De xeito similar ao que se produce no comercio internacional de mercadorías, onde o aceite de palma é unha substancia universal mais invisible, o aceite aparece neste libro nos intersticios da historia, a cultura, a política e a economía. A nosa narrativa é unha narrativa oleosa: os temas, as cronoloxías e os argumentos esvaran, fíltranse e líxanse entre si.

Pola documentación antropolóxica e histórica, sabemos que foron moitas as civilizacións que practicaron o sacrificio humano, e por un gran número de razóns. Polo xeral, este tipo de sacrificios serven para escenificar o poder dunha elite gobernante: son formas prácticas de aterrar a xente subordinada e de liberarse dos inimigos potenciais.²³ Porén, centrarnos só neste aspecto significaría obviar outro tamén importante: con frecuencia —pode que sempre—, a sociedade do sacrificio ve estas accións como unha necesidade, unha predestinación ou un requisito, de xeito que non facer o sacrificio adecuado pode carrexar un castigo terrible por parte dos deuses. Noutras ocasións, as persoas sacrificadas están xa degradadas a un status infrahumano. A clave, daquela, radica en que no sacrificio humano lidamos cunha faceta escura e terrible da sociedade humana onde o poder e a cosmoloxía se dan a man.

Un dos argumentos que motiva este libro é que a sociedade capitalista, que hoxe en día busca consumir o planeta e reorientar, borrar ou subordinar todas as demais culturas e modos de vida, non che é moi diferente: aquí, tamén, un sacrificio humano terrible e de grande envergadura escenifica as relacións de poder dominantes á vez que se produce no marco dunha cosmoloxía concreta. Ese poder e esa cosmoloxía orgánzanse derredor do concepto de mercado, que se presenta como algo natural, neutro e inevitable, como unha verdade incuestionable que liga o conxunto da humanidade, a suma dos nosos instintos competitivos racionais. Cando falo de cosmoloxía, refírome a un marco prevalente de pensamento e acción compartido por toda unha sociedade, a un sentido común da causalidade, a unha intuición

aprendida de como se ensambla o mundo. Unha cosmoloxía pode incluír numerosas expresións relixiosas, mitos contraditorios, teorías opostas e ideoloxías enfrontadas, mais nunca deixa de ser o paradigma prevalente dentro do que se producen tales disputas. Na cosmoloxía capitalista, o mercado é considerado unha entidade natural, inevitable e apolítica, unha entidade que se rexe por leis eternas pero recoñecibles.²⁴ Ora ben, o mercado é unha creación humana; é o reflexo dos nosos poderes de creación e cooperación nun espello que os deforma. É en boa medida unha creación inconsciente da nosa imaxinación que se mantén no seu sitio, non pola acción dun cacique terrible, senón pola súa propia lóxica autorreprodutiva e implacable. Mentres cada un de nós tenta sobrevivir —e se cadra até o consegue— nunha sociedade capitalista movida polo mercado, estamos a darlle maior forza de impulso, pero, como a maioría dos humanos, que interpretan o mundo consonte unha cosmoloxía concreta (ou quizais máis dunha), apenas somos conscientes da súa influencia.²⁵ Segundo sinala Sylvia Wynter, a cosmoloxía do capitalismo contemporáneo xurdiu a partir dunha cosmovisión supremacista branca que foi tomando forma co colonialismo e o escravismo á vez que os facilitaba, unha cosmovisión baseada na supremacía do actor único, independente, que se autorrealiza e que, dende hai pouco, adopta a forma do *Homo economicus*, o suxeito neoliberal.²⁶ Este modelo imaxinario preséntase á vez como parangón da humanidade e como reflexo da verdade última da natureza humana: racional, competitiva e cobizosa. Este ideal imaxinario forxouse no crisol do imperio e só é coherente se se compara con toda a «outredade». En particular, a cosmoloxía do capitalismo e do *Homo economicus* xorde da denigración dos «xéneros» humanos non-europeos a, no mellor dos casos, imitacións automistificadoras que debían ser «civilizadas» para saíren da súa existencia «incivilizada» ou, no peor dos casos, do «reino» da subhumanidade, unicamente aptas para a explotación ou a eliminación. As cosmoloxías concretas xustifican, normalizan e fan que se consideren «necesarias» determinadas formas

de sacrificio humano. A orde capitalista do sacrificio humano é, en certo sentido, única e, en certo sentido, case convencional.

Para contar a historia do aceite de palma como un sacrificio humano capitalista, comezamos coa expedición punitiva británica de 1897 contra o Reino edo —na rexión en que se encontra a actual Nixeria—, xustificada como suposta misión civilizadora para vingar unha afronta ao honor británico e intervir e eliminar un reino africano cuxas prácticas sacrificais foran tan lascivamente difundidas pola prensa británica.²⁷ De feito, unha das principais motivacións (máis aló do puro desexo de conquista e das intrigas duns oficialiños) era conseguir para as empresas británicas o lucrativo sistema de produción do aceite de palma do occidente africano.

A nosa historia finaliza no réxime carcerario estadounidense, un sistema impulsado polo beneficio onde a poboación reclusa —boa parte dela, de descendencia africana— é alimentada a base de produtos baratos derivados do aceite de palma. A maioría destas persoas foron criminalizadas como resultado de actos que son produto do racismo que determina as súas circunstancias vitais de pobreza sistémica, trauma ou negligencia social. Aquí, os fideos de ramen —a *sopa*, como lle chaman dentro— converteuse en moeda de cambio entre quen loita por sobrevivir a un sistema de sacrificio humano capitalista en masa.²⁸

Polo medio coñeceremos de que modo a industria moderna do aceite de palma se ergueu das cinzas do comercio de persoas escravas e de que modo o aceite de palma foi o ingrediente secreto e o lubricante da revolución industrial. Coñeceremos como este aceite, nas mans dos grandes grupos empresariais e investidores europeos, se converteu nun elemento esencial para a guerra colonial e para o ascenso da arte moderna e a institución do museo imperialista. Tamén coñeceremos de preto, por suposto, as condicións en que hoxe en día se produce á sombra (e entre as sombras) das plantacións de Indonesia e Malaisia e noutros puntos do planeta, así como as catástrofes humanitarias e ecolóxicas que desencadearon. Veremos tamén de que modo a resposta

das ONG e dos gobernos do Norte Global fallou ao abordaren a situación partindo de asuncións viciadas sobre como funciona este sistema de sacrificio humano. Así mesmo, atenderemos a como o aceite de palma se converteu no unto da xente pobre, na pegada, en todos os nosos corpos, dunha era de sacrificio humano.

A conclusión deste libro reflexiona sobre que pode significar ir máis aló do marco do activismo como persoas consumidoras e, no seu lugar, recoñecer no aceite de palma o noso propio reflexo. A nosa especie ten a capacidade única de transformarse a si mesma mentres transforma o mundo. A transformación da industria do aceite de palma será comandada por quen máis a padece, pero formará parte dunha rebelión mundial contra a cosmoxía do mercado e o seu confinamento nos nosos imaxinarios. Isto implica, por forza, reimaxinarmos que significa cooperar e tornarnos humanidade en colectivo.

O aceite de palma

Témolo na comida, nos cosméticos, nos combustibles e no corpo. O aceite de palma, que encontramos na metade dos produtos dos supermercados, conformou o noso mundo. Max Haiven descúbrenos como as engrenaxes do capitalismo están lubricadas —literal e metaforicamente— por este elixir ubicuo.

Este libro ten a súa orixe nas clases de cultura material e capitalismo que o autor impartiu ao alumnado da prestixiosa Universidade de Artes e Deseño de Nova Escocia (O Canadá), afeito a traballar con tintas, pinturas, resinas, equipamento tecnolóxico..., todos eles, obxectos que conteñen aceite de palma.

Dende as súas orixes en África occidental até as superpotencias do Sueste Asiático, a narrativa de Haiven lévanos nunha viaxe por todo o planeta que inclúe tesouros saqueados, o sistema carcerario estadounidense, a historia da arte moderna e a industrialización da guerra. Máis aló de chamar simplemente ao boicot ou a un consumo consciente, o autor sinala como debemos recoñecer o potencial profundo que ten a humanidade para conformar un mundo que supere o capitalismo racial e o desposuimento neocolonial.



catroventos
EDITORA

www.catroventos.gal



PVP: 19,00 €

ISBN 978-84-124635-8-3



9 788412 463583

